

A ASOCIACIÓN GALEGA DE MEDICINA DE FAMILIA DIFUNDE OS RESULTADOS DA ENQUISTA ANUAL SOBRE HÁBITOS DE CONSUMO DE TABACO E TABAQUISMO

O 60% DOS NON FUMADORES E O 30% DOS FUMADORES, A FAVOR DE PROHIBIR O TABACO EN TODOS OS ESPAZOS PÚBLICOS

- Tres de cada dez fumadores decláranse contrarios á Lei Anti-tabaco pero un 36% considera que é beneficiosa para a saúde.
- A porcentaxe de fumadores que abandonan o tabaco descendeu á metade en Galicia entre o ano pasado e este.

Santiago de Compostela, venres 1 de xuño de 2007.- A Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria (AGAMFEC) deu a coñecer hoxe os resultados definitivos para Galicia da enquisa que, sobre hábitos de consumo de tabaco e tabaquismo, levou a cabo a Sociedade Española de Medicina de Familia y Comunitaria (semFYC) en centros de saúde de toda España, dez deles en Galicia. Un avance desta enquisa xa se fixera público o pasado venres 25 en rolda de prensa en Compostela.

O traballo revela que o 60,7% dos non fumadores e o 27,6% dos fumadores son partidarios de prohibir fumar en todos os espazos públicos, non só nos que actualmente establece a lei anti tabaco que entrou en vigor en xaneiro de 2006.

En canto á valoración desta lei, tres de cada dez fumadores está en contra (o 27,3%), aínda que o 36% deles considera que é beneficiosa para a súa saúde. Mentres, entre os non fumadores, oito de cada dez (82,1%) aproba a súa aplicación. Convén subliñar a alta porcentaxe de indecisos (NS/NC) entre os fumadores: un 59,1% non responde á pregunta "Considera que a lei é un acerto?".

DESCENDE O ABANDONO DO TABACO

Outro dos datos significativos desta enquisa refírese ao grao de abandono do tabaco. Neste sentido, a incidencia da nova lei parece ter baixado notablemente nos últimos doce meses. Se ben na enquisa realizada en maio de 2006 a porcentaxe de fumadores que deixara o tabaco situábase en Galicia no 12,8% (unha media similar a do resto do Estado), na enquisa actual, esa porcentaxe reduciuse ata o 6,4%, xusto á metade, a máis baixa de España. A explicación a este comportamento reside, segundo o doutor Xulio Castañal –do grupo de Abordaxe ao Tabaquismo da Agamfec–, en que "o ano anterior Galicia, xunto con Cataluña, foi a comunidade con máis porcentaxe de abandonos. Pero o noso país partía dunhas cifras de fumadores máis baixas que Cataluña. A medida que a taxa de fumadores siga a descender, a ralentización desa baixada sera máis importante. Será entón cando os fumadores que aínda continúen terán máis dificultades para deixalo e precisarán máis axuda dos dispositivos asistenciais".

1.000 ENQUISAS EN 10 CENTROS DE SAÚDE

Na enquisa participaron, contestando a un cuestionario, preto de 1.000 persoas que acudiron ao seu centro de saúde entre os días 3 e 11 de maio de 2007. É a segunda vez que se realiza un estudo destas características, traballo que se actualizará anualmente.



Fotos: Xulio Castañal e
M^a Xesús Freiria

Para contactar con Xulio
Castañal: 680 42 73

